




ENCONTRO CON **BRAIS LAMELA** ARREDOR DE **“NINGUÉN QUEDA”**

Xoves 15 de decembro de 2022 - 20:00 h.
CASA DA CULTURA DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA) organiza o acto de presentación do libro, editado por EUSEINO? **“NINGUÉN QUEDA”**, do que é autor **BRAIS LAMELA**.

O acto terá lugar o **xoves 15 de decembro de 2022, ás 20:00 horas**, na **Casa da Cultura de Vilalba**, e contará tamén coa presentación de **Marisa Barreiro**, presidenta do IESCHA, en diálogo co poeta **Xabier Cordal** e co autor do libro, **Brais Lamela**.

NINGUÉN QUEDA, de Brais Lamela

ISBN 978-84-121580-8-3

EUSEINO?

Col. Rúa do Lagarto 2

Entre o verán sufocante de Nova York e as montañas neboentas de Nogueira de Muñiz, *Ninguén queda* segue os pasos dun mozo galego na metrópole norteamericana mentres rastrea a historia dunha muller desaparecida nos **asentamentos de colonización** da Terra Chá levantados pola ditadura na década de 1960.

Os pisos de estudantes no estranxeiro, as comunas que emerxen dos restos dos encoros e os personaxes ensimesmados que acumulan

fragmentos de tempo esquecido conflúen nun relato sobre a existencia do fogar en circunstancias límite; un relato que traça o contorno do abandono e o desposuímento mais tamén o da **supervivencia obstinada**.

Cunha linguaxe interrompida, que transita e hibrida as fórmulas do **ensaio interpretativo** e as **estratexias da ficción**, Brais Lamela escribe unha obra sobre o arraigamento e a intersección de mundos, unha arquitectura literaria sutil que atopa novas posibilidades de escritura e asume desvíos e fracasos, un artefacto impuro, crebadizo, conmovedor. (euseino.org)

BRAIS LAMELA (Vilalba, 1994) viviu en Galicia ata os dezasete anos. Posteriormente, formouse en literatura comparada e historia nas universidades de Cambridge, Reino Unido, e Brown, nos Estados Unidos, grazas a diversas bolsas de estudo. Acadou premios literarios coma os Minerva, Ánxel Casal e Xuventude Crea. Actualmente, cursa un doutoramento en literatura na Universidade de Yale, onde tamén exerce a docencia. *Ninguén queda* é a súa primeira obra publicada.